



**BASES XERAIS DA CONVOCATORIA DUN POSTO DE TITULADO/A SUPERIOR CON FORMACIÓN ESPECÍFICA EN DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADITIVAS (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)**

**Primeira. Normas xerais**

O obxecto das presentes bases é a contratación mediante o sistema de oposición libre, dun Titulado/a Superior con formación específica en drogodependencias e outras condutas aditivas, en réxime laboral temporal, para dar cumprimento á subvención concedida ao abeiro da Orde de 26 de xuño de 2017 (DOG nº 129 do 7 de xullo de 2017), para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos que desenvolvan o seu labor no eido da prevención das drogodependencias, na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo. Modalidade do contrato**

A modalidade do contrato é por obra ou servizo, regulada no artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

O carácter do contrato é temporal, mentres dure a obra ou servizo polo que se contratou, e non pode superar en ningún caso os 3 anos de duración desde o seu inicio, ao abeiro da lexislación vixente.

Percibirá a cantidade mensual de 1.654,24 euros. (inclúe as pagas extraordinarias).

**Terceira. Condicións de admisión das persoas aspirantes**

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
  - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre



circulación de persoas traballadoras.

- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
- e) Estar en posesión do título de Licenciado/a ou grado ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias e acreditar a formación específica en drogodependencias e outras condutas aditivas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non se lles aplicará ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

#### **Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes**

1. As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao alcalde do Concello da Estrada. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria, para o que cumprirá achegar:
  - 1) Unha fotocopia do documento nacional de identidade
  - 2) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
  - 3) O xustificante do pagamento das taxas de inscrición. A cantidade que se deberá aboar será de 20,00 €, que se pagarán na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario da entidade BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191. No xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza. Non obstante, no Rexistro Xeral do Concello da Estrada facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

Segundo a Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos



administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non se lles esixirá o pagamento polos conceptos “dereitos de exame” e “compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que o acrediten por medio da certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou do servizo homólogo da comunidade autónoma.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión. Deberá publicarse tamén na web municipal.
3. A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello da Estrada ou e en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
4. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso, aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da solicitude mediante unha mensaxe de fax ou de correo electrónico e durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase do mesmo xeito no caso de presentar a solicitude noutra administración pública.
5. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

### **Quinta. Admisión de aspirantes**

1. Unha vez rematado o prazo dos 10 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, publicarase a listaxe de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal. No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.
2. No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de tres días, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

### **Sexta. Tribunal cualificador**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de



aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituido o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

#### **Sétima. Comezo dos exercicios**

1. Os/as interesados/as presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo as probas.
2. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun chamamento único. As persoas opositoras que non se presenten aos exercicios perderán os seus dereitos, agás nos casos debidamente xustificados, que o tribunal terá que resolver de xeito motivado.
3. As persoas aspirantes deberanse presentar para realizaren cada exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a realización das probas.

#### **Oitava. Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas**

1. O tribunal poderalles requirir ás persoas opositoras que acrediten a súa identidade en calquera momento.
2. A orde de actuación das persoas opositoras, para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará pola letra G, consonte a Resolución do 17 de xaneiro de 2018 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Se en calquera momento do proceso selectivo chega ao coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, despois dunha audiencia coa persoa interesada, deberáselle propoñer ao alcalde a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.
4. Unha vez concluídos cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios da casa do concello, a relación de aspirantes que os superaron, con indicación da puntuación obtida. As persoas opositoras non incluídas na lista terán a consideración de non aptas.
5. A listaxe de persoas aprobadas de cada exercicio deberase publicar no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal, cando menos, con 12 horas de antelación con respecto á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio; e con 24 horas de antelación cando se trate dun exercicio novo.



6. Desde a finalización dun exercicio ou proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un período mínimo de 72 horas e máximo de 45 días naturais.
7. Contra os acordos do tribunal poderase interpoñer un recurso administrativo ante o órgano competente, conforme o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Novena. Exercicios da oposición**

#### **Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio**

Consistirá en contestar, por escrito, un cuestionario tipo test de 75 preguntas, con 4 respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta, baseadas no contido do temario da convocatoria. As persoas opositoras dispoñerán de 90 minutos para a realización do cuestionario. O tribunal será o encargado de elaborar o cuestionario, para o que se reunirá na data que acorde no momento da súa constitución. Con respecto aos criterios de corrección as preguntas contestadas erróneamente, non restarán.

#### **Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio**

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas, un tema proposto polo tribunal de entre os comprendidos no temario da parte específica. Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre o tema exposto, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese.

#### **Terceiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio**

Consistirá en desenvolver, por escrito e durante un período máximo de 90 minutos, un suposto práctico relativo a tarefas propias das funcións asignadas ao posto segundo o temario Anexo, que expoñerá o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio. Neste exercicio valorarase a capacidade de raciocinio, a sistematización no desenvolvemento e a formulación de conclusións, tendo en conta o nivel de titulación esixido na convocatoria.

#### **Terceiro exercicio: proba de galego**

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentas de realizar a proba específica as persoas aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio en lingua galega. As restantes persoas opositoras terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa, serán consideradas non aptas.

### **Décima. Cualificación dos exercicios da oposición**

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos (agás a proba de galego, que se puntuará coa cualificación de apto/a ou non apto/a). Para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte é necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.



A cualificación final estará determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polas persoas aspirantes que fosen superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

**Décimo primeira. Cualificación final e listaxe de persoas aprobadas**

1. A cualificación obtida polas persoas aspirantes será o resultado da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.
2. Unha vez determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal.
3. O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.
4. Non obstante, ao cualificar cada un dos exercicios, o tribunal non terá en conta a limitación anterior, que só se terá en conta para lle formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final (en que o número de persoas aprobadas nunca poderá superar o de prazas convocadas).
5. No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio. Se isto non for suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

**Décimo segunda. Achega de documentos por parte das persoas opositoras aprobadas**

1. A listaxe de persoas aprobadas publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal. Dentro da lista de persoas aprobadas propoñerase para o posto de Titulado/a superior con formación específica en drogodependencias e outras condutas aditivas, aquela persoa aspirante que acade a maior puntuación no seu conxunto. As demais persoas aprobadas manteranse, por orde de puntuación, nunha lista de suplentes para o caso de ser necesario o seu chamamento como consecuencia de renuncias, baixas laborais etc.
2. A persoa aspirante proposta deberá achegar, dentro do prazo máximo de 10 días naturais contados desde a publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:
  - Documento nacional de identidade (fotocopia compulsada por ambos os dous lados).
  - Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.
  - Acreditación da formación específica en drogodependencias e outras condutas aditivas.



## Concello da Estrada

Praza da Constitución, 1  
36680 A Estrada, Pontevedra  
Tfno.: 986 570 165  
Fax: 986 570 836  
aestrada.gal

- Certificado/ Informe médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.

### **Décimo terceira. Formalización dos contratos**

1. Unha vez concluído o proceso selectivo, a persoa aspirante aprobada será contratada unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.
2. O contrato formalizarase coa persoa aspirante seleccionada no prazo máximo de 5 días naturais, contados desde a notificación da resolución que corresponda.

### **Décimo cuarta. Carácter vinculante das bases**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

### **Décimo quinta. Incidencias e recursos**

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).



## **ANEXO I. TEMARIO**

1. A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
3. Os dereitos económicos e sociais na Constitución Española. Principios da economía social.
4. Democracia directa e democracia representativa na Constitución Española. A participación política. Os partidos políticos.
5. O sufraxio. Formas e técnicas de articulación. A Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.
6. A Monarquía parlamentaria. A coroa: significado e retribucións. O referendo.
7. As Cortes Xerais. Composición e funcións.
8. O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu Presidente.
9. A función parlamentaria de control do Goberno. Órganos dependentes das Cortes Xerais. O Defensor do Pobo.
10. O Tribunal Constitucional. Organización, composición e atribucións.
11. A organización territorial do Estado: regulación constitucional. Distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
12. Os estatutos de autonomía. Significado e contido.
13. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estructura. Competencias.
14. O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.
15. O Goberno de Galicia. O presidente da Comunidade e o Consello da Xunta. Composición, designación e remoción. As Consellarías: estrutura básica.
16. Réxime Local Español: Regulación constitucional e normativa xurídica. Liñas xerais de organización do municipio e provincia.





## Concello da Estrada

Praza da Constitución, 1  
36680 A Estrada, Pontevedra  
Tfno.: 986 570 165  
Fax: 986 570 836  
aestrada.gal

17. O municipio. Historia. Clases de entes municipais no Dereito español.
18. O termo municipal. A poboación. O padrón de habitantes.
19. Organización e competencias municipais. Réxime de funcionamento dos órganos colegiados locais.
20. Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.

### PARTE ESPECÍFICA

- 21.- Lei 2/1996, de Galicia sobre drogas (I): Obxecto. Da prevención das drogodependencias, da asistencia e reinserción dos afectados polo consumo das drogas.
- 22.- A Lei 2/1996, de Galicia sobre drogas (II): Da organización e da participación social.
- 23.- Coceptos básicos relacionados co consumo de drogas, a súa prevención.
- 24.- Tratamento básico das drogodependencias.
- 25.- Principais clasificacións de drogas.
- 26.- As substancias e a súa interacción farmacolóxica: alcohol e tabaco.
- 27.- As substancias e a súa interacción psicolóxica e social: alcohol e tabaco.
- 28.- As substancias e a súa interacción farmacolóxica: cannabis, drogas de síntese, cocaína, heroína.
- 29.- As substancias e a súa interacción psicolóxica e social: cannabis, drogas de síntese, cocaína, heroína.
- 30.- Drogas e adolescencia.
- 31.- Repercusión e consecuencias do consumo de tabaco.
- 32.- Consecuencias neurobiolóxicas do consumo de Cannabis.
- 33.- Consecuencias neurobiolóxicas do consumo de cocaína.
- 34.- Consecuencias neurocognitivas do consumo de alcohol



- 35.- A Prevención selectiva no ámbito educativo.
- 36.- Factores asociados ao consumo de drogas en Galicia.
- 37.- Estratexia Nacional sobre Drogas. Metas, obxectivos e áreas de intervención.
- 38.- Principios de prevención segundo o NIDA.
- 39.- Plan Locais de prevención e consumo de drogas. Aspectos normativos e organizativos.
- 40.- Plans Locais de organización e consumo de drogas. A súa elaboración e posta en marcha.
- 41.- Bases teóricas e niveis para a prevención do consumo de drogas.
- 42.- Ámbitos e modalidades de prevención para o consumo de drogas.
- 43.- Proceso de xénese da dependencia e da adición.
- 44.- Factores de risco relacionados co consumo de drogas.
- 45.- Factores de protección de consumo de drogas.
- 46.- A prevención dende a perspectiva dos programas de redución de riscos.
- 47.- Reducción de riscos e prevención do consumo de alcohol na xuventude.
- 48.- Métodos científicos para a investigación na intervención preventiva.
- 49.- A escola como recurso preventivo.
- 50.- Avaliación de programas escolares de prevención do abuso das drogas: principais resultados segundo a investigación.
- 51.- O programa de prevención do consumo de drogas na escola en Galicia. Aplicación e avaliación.
- 52.- Programas de prevención familiar.
- 53.- O papel da familia no consumo de drogas.
- 54.- Prevención comunitaria: principios, criterios e estratexias de actuación.
- 55.- Os programas comunitarios de prevención e incorporación social.
- 56.- Prevención coa xuventude. A mediación xuvenil na implantación dos programas.



- 57.- Prevención coa xuventude. A importancia da publicidade e os medios de comunicación.
- 58.- Prevención coa xuventude. Consumo de alcohol e conducción.
- 59.- Prevención no ámbito laboral. Principios de actuación.
- 60.- Prevención no ámbito laboral. Estratexias, coordinación e programas de actuación.
- 61.- O sistema para avaliación de programas de Prevención e Incorporación Social
- 62.- Obxectivos dos programas de Prevención e Incorporación Social.
- 63.- Instrumentos e indicadores dos programas de Prevención e Incorporación Social.
- 64.- O tempo libre, espazo para a intervención socio-educativa.
- 65.- O rol de educadores e educadoras nos procesos de prevención das drogodependencias.
- 66.- Organización e desenvolvemento dos programas de prevención.
- 67.- Metodoloxía dos plans de prevención.
- 68.- Deseño e planificación dos programas de prevención de drogodependencias.
- 69.- A estratexia preventiva sobre adiccións no ámbito laboral
- 70.- O concepto de saúde.
- 71.- Estrutura técnica de intervención dun plan de prevención.
- 72.- Sistemas de avaliación dun plan de prevención.
- 73.- Niveis de prevención en drogodependencias e adiccións. Nivel de prevención primaria. Nivel de prevención secundaria. Nivel de prevención terciaria.
- 74.- Problemas de saúde física asociados ao consumo de drogas.
- 75.- Problemas de saúde mental asociados ao consumo de drogas. Alteracións do SNC.
- 76.- Problemas conductuais e psicolóxicos asociados ao consumo de drogas.
- 77.- Problemas conductuais e psicolóxicos asociados ao consumo de alcohol.
- 78.- O impacto do uso das drogas sobre o proceso madurativo do adolescente.
- 79.- Epidemioloxía do consumo de alcohol en adolescentes da comunidade galega.



## Concello da Estrada

Praza da Constitución, 1  
36680 A Estrada, Pontevedra  
Tfno.: 986 570 165  
Fax: 986 570 836  
aestrada.gal

- 80.- Modelos explicativos do consumo das drogas. Modelo xurídico. Modelo médico. Modelo sociolóxico. Modelo psicosocial.
- 81.- Aspectos históricos, sociais e económicos do consumo de tabaco.
- 82.- Tratamento combinado do tabaquismo: psicolóxico ou farmacolóxico.
- 83.- Procedementos de autoaxuda para deixar de fumar.
- 84.- Prevenções do tabaquismo nos xoves: realidades e retos para o futuro.
- 85.- Lei 42/2010, de 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.
- 86.- Recursos didácticos en educación para a saúde.
- 87.- Procedementos e etapas de planificación e avaliación de actividades de formación.
- 88.- Motivación: teorías e factores que favorecen a motivación.
- 89.- Problemas e trastornos de ansiedade. Tipos e características.
90. Principais técnicas para tratar os problemas de ansiedade: desensibilización sistemática, exposición e inundación, relaxación, técnicas cognitivas.

A Estrada, 4 de febreiro de 2019

O ALCALDE

José C. López Campos

***Asinado dixitalmente á marxe***